


PRE-LECTORES

Temos 2 títulos máis do "Pez Arcoíris" de Marcus Pfister. Editorial Beascoa:

- Dulces sueños pez Arcoíris. Ao peixe Arcoíris tamén lle custa durmir..

- ¿Jugamos al escondite pez Arcoíris? Historia sinxela pero con mensaxe, que hai que saber perder, que debemos recoñecer os nosos erros e saber desculparnos.



-Paco Trolas. Roberto Aliaga. OQO.

O autor usa frases curtas e emocionais, ao alcance dos pequenos, que lle axudarán a se identificar co ratiño: cos seus medos, cos seus xogos, en definitiva, coa súa fantasía.

Algo de música

- Tic, tac, toc. Pablo Díaz.

Neste traballo podemos atopar a canción "Imos



PRIMEIROS LECTORES

- Uxío. Martín Romero. XIV premio Castelao de banda deseñada. Deputación da Coruña.



- Rasi ayudante del ratoncito Pérez. Begoña Oro. SM.

O ratiño Pérez torceu o nocello e non pode traballar, por iso nomea a Rasi a súa axudante. Pero Rasi non ten experiencia e meteo nun bo lío.

- Los animales del mar y de los polos. Planeta de Agostini.

Colección de pequenos e atractivos libros de ciencias, con información clara e breve sobre os animais que trata (o golfiño, a candorca, o pingüín emperador...)

- Elia y las olimpiadas escolares. Timo Parvela. Barco de vapor.

Elia e Pauli serán os elixidos para participar nas olimpíadas escolares. Terán que superar todo tipo de probas.

Algo de cine

- Onward. Estreouse xusto antes do confinamento, é unha boa opción se aínda non a vistes.

- Bob Esponja, un héroe al rescate. Paramount pictures. Estrearase en agosto.

LECTORES AUTÓNOMOS

Algo de poesía.

- O xardín de Irene. Xosé Neira Vilas. Embora.

- Cantarolas. Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas. Kalandraka.

- Enigmas. Desafía tu mente con 25 historias de misterio. Editorial Zahorí Books.

Para xogar en familia desde os 7 ou 8 anos. Para resolver os enigmas necesítase utilizar a lóxica ou a imaxinación.

LECTORES EXPERTOS

- Os Megatoxos e a batalla de Rande. Anxo Fariña. Xerais.

A colección dos Megatoxos pode enganchar, ollo!



- La increíble historia de...El gigante alucinante. David Walliams. Montena.

Incríble historia dunha xigantesca amizade, entre unha nena de 10 anos e un mamut de 10.000. Cheo de humor e aventuras.

- Tom Gates Súper premios geniales (...o no). L. Pichón. Bruño.

Neste enlace de **Loqueleo** da editorial **Santi-llana**, atoparedes opcións para infantil e primaria. Fragmentos de obras lidos polos seus autores ou doutros; por exemplo está Jordi Sierra i Fabra. <https://www.loqueleo.com/es/noticias/actualidad/loqueleo-en-casa>

1º CICLO DA ESO

-Fenris el elfo. Laura Gallego. SM.

Fenris é un elfo moi especial e con grandes poderes, que nas noites de lúa chea unha forza inexplicable que o arrastra ata convertelo nun ser asombroso.

-Cuentos por teléfono. Gianni Rodari.. Juventud.

Un clásico que non deixa de marabillar.

—Os escaravellos voan á tardiña. María Gripe. Todo colección.

Misterio e aventuras a partes iguais.



2º CICLO DA ESO

-Resistencia. Rosa Aneiros. Xerais.

Narra a historia de Portugal ata a revolución dos Caraveis, seguido a vida de 2 familias e dos protagonistas e as consecuencias do seu amor.

Cómic

-Cara o cruz. Convivendo con un trastorno mental. Lou Lubie. Norma.

Un relato en primeira persoa para desestigmatizar os trastornos mentais. Moita xente ten un can, un gato... Lou ten un trastorno chamado ciclotimia, como un pequeno raposo salvaxe no seu cerebro, pódese domesticar?

ADULTOS

-Círculo. Suso de Toro. Xerais.

Reflicte o paso do tempo, a vida, que acepta a existencia da morte dentro de si.




-La sospecha de Sofía. Paloma Sánchez Garnica.




Nunha Europa dividida por un muro insalvable dous homes e unha muller buscan desesperadamente o seu destino. A vida de Sofía e Daniel cambia cando el recibe unha carta na que se lle di que súa nai non é tal e que debe ir a París esa mesma noite.

-Patria. Fernando Aramburu. Maxi Tusquets.

O día no que a ETA anuncia o abandono das armas, Bitori diríxese ao cemiterio para contarlle á tumba do seu marido, asasinado polos terroristas, que decidiu voltar á casa na que viviron. A súa chegada altera a falsa tranquilidade do pobo.



LECTURAS OLÍMPICAS



Xa chega o final deste atípico curso tan pandémico... e neste boletín queremos destacar que a nosa comunidade educativa demostrou que é unha **auténtica campioa olímpica!** Campións os nenos por ter que adaptarse a unha nova rutina de traballo diario na casa, campións os pais que, á parte do seu traballo, a maiores, tiñan que atender as tarefas escolares dos nenos, e campións os profes que tamén se tiveron que ir adaptando a esta nova modalidade de ensinanza non presencial.

Por outra banda queremos despedir a 3 grandes compañeiros que se xubilan este ano, agradecéndolles a súa dedicación e desexándolles o mellor para a nova etapa. Grazas Álvaro, Xosé Manuel e Luís!!!! Botáremosvos en falta!!!!

**EQUIPOS DE BIBLIOTECA E
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CPI A PICOTA.**

